

# Noticia urxente sobre o congreso de escritores

□ Xornadas de encontro e traballo en Lugo, organizadas pola AELG

X. PORTO MATALOBOS

Lugo


■ Entre as sombrizas pedras primaverais da bimilenaria e amuralhada cidade de Lugo, acaba de celebrarse o "II Congreso de Escritores en Lingua Galega", "pola unión", como lema, e a presenza dos correspondentes membros da "AELG", e outros compañeiros portugueses, cataláns e bascos, especialmente convidados, para tan interesantes e gratas xornadas de estudo, confraternidade e xubilosa esperanza.

Con Bonifacio Borreiros na Mesa inaugural, representando á Consellería de Cultura, estaría Vicente Quiroga, Alcalde lugúes, resgardados na presidencia por Uxío Novoneyra e Lois Diéguez.

E mentras tanto que o señor Borreiros facía referencia a "un proxecto cultural, baseado na superación da visión elitista da cultura e na apertura de novas ideas, no que os escritores non deben quedar atrás", o señor Quiroga tiña verbas de lembranza para Anxel Fole, de quen aprendera unha lección derradeira, que se concreta en algo tan simple, pero sustancial, como eso que reticamente asinalaba o falecido fabulista: "a fala, é o que se fala".

Coa dicción crara de Uxío Novoneyra, definiríase a literatura, como especial misión para os escritores, nun pobo oprimido como o noso, en donde a lingua ven de abaixo, e alí raña a refrega o escritor, a quen tratan de escravizar filoloxicamente, con restrictivos agobios de normalización, cando aquí estamos loitando por unha lingua libre, da que o pobo sexa señor e todos creadores.

Por eso mesmo, finalizaría o seu parlamento, recordando: "Que non manipulen a Patria, nin normativistas nin reintegracionistas. Trátase da lingua galega, hoxe".



A Catedral de Lugo vixinou a estancia dos escritores na bimilenaria cidade

Lois Diéguez, daría gracias e benvidas, para poder escomenzar as sesións de traballo, entre aquel lusco e fusco do venres, no salón do "Gran Hotel", cando Xoan Manuel Carreira, iba a expoñer as súas "consideracións sobre a lexicografía musical" e, Xavier Alcalá a ponencia "Do teclado ao fotolito".

Na cea de traballo no "Mesón de Alberto", apuntaríanse opinións solidarias e diverxentes sobre dos temas que se trataran ou que tiñan coincidencia.

Volvería ao estrado Lois Diéguez, na mañán chuviosa do sábado facendo lectura de Antón Risco, desde Quebec, co lema "Lingua e literatura", para seguir Miguel Sande coa "Liberdade do escritor".

Isaac Alonso Estravós, falaría do "Lusismo en Vicente Risco, Otero Pedrayo e Castelao", mentras que Pilar Vázquez Cuesta deixaba constancia do "Perigoso canto de serea".

Catro ponencias que se ofrece-

ron en táboa redonda, con craras interpretacións dos asistentes, antes de que Paco Rodríguez tivera ocasión de "Actualizar aos Precusores".

Na recepción do Concello, o señor Alcalde Quiroga ofrecería parabéns municipais, xa co autobús en marcha, na Praza Maior, encamiñado para Mondoñedo, entre a húmida friaxe da nevisca, a feira en Götán, os silenzos de Vilaíba, a estrada que tratan de endereitar e, xa, a cidade que se dorme no regazo secular dos versos, rezos e pregarías.

Un xantar de traballo no "Montero", con ofrenda de frol no cimiterio, para Leiras Pulpeiro, Pacheco, Lence Santar, Pascual Veiga, e Aivaró Cunqueiro.

E xa, cando algunha transoita-dora raiolada trataba de pescudar, por entre os multicores vidros do precioso rosetón catedralicio, xa estaba o señor Deán, Enrique Cal Bardo, facendo comentario histórico, e Santos San Cristóbal, director do Museo, ex-

pricaba, peza a peza, a importancia conservada no recinto.

Con adeuses para a Fonte Vella, regresariase a Lugo, seguindo sesións e a cea no "Mesón do Canedo", atravesado o Miño, reluciente de luces cidadáns.

## O domingo

Xa en domingo, "Cultura e institucións públicas", sería ofrecido por Lois Diéguez, antes de que o "catalán" Xosé Lois García falara das aproximacións a unha alternativa de "AELG" no interior de Galicia" que abrirían novo coloquio.

Na visita suxerente da cidade, estaría Paco Martín de "Cicerone", con xantar no hotel, e certa presa, para que non se retardara a presentación das conclusións e a clausura do Congreso tivera azeitada hora.

Despois de todo, aínda quente a memoria, queda aquí esta urxente noticia, que se poderá perfilar calquera hora.

HOY

► **LEPINA** ■ En la Galería Abel Lepina se está celebrando estos días la exposición de Paco Pestana. Horario: de 11.30 a 13.30 y de 19.30 a 21.30.

► **TEATRO** ■ En el Teatro del C.C. Caixavigo se presentará, por primera vez en España, la obra de Christopher Durang "Y yo con estos nervios...", con Iñaki Miramón, Paula Sebastián, Ferrán Rañé, Gloria Muñoz, Tomás Gallo y Carlos Cabezas. Dirigida por Fermín Cabal. Sábado y domingo a las 20 y 23 horas.

► **PINTURA** ■ En la Galería Trinta de Santiago está abierta la exposición de Vicente Prego, con obra reciente. Vicente Prego, natural de A Coruña, presenta diez lienzos y catorce obras sobre papel, todas ellas absolutamente inéditas.

También en esta sala se está presentando la muestra "Espacio 2: Abril gráfico". En este espacio entran obras de Baixeras, Ewin Bechtold, Capa, Facal, Forteza, Huet, Denis Long, Mantecón, Monir, Novoa, Isidro Parra, Antón Patiño, Plensa, Quintana Martelo, Rafols Cajamada, Horacio Sempere y Joan Sastre.

► **KEATON** ■ El ciclo que se dedica a Buster Keaton en el Centro Cultural Caixavigo (De lunes a viernes, Auditorio, 20.00 horas) nos trae hoy la película "Siete Ocasiones" (1925). Se completará con "El rey de los cowboys" (1925) y "El héroe del río" (1928).

► **EXPOSICIONES** ■ Siguen abiertas en las salas Caixavigo las muestras de Alexandro, Celso Varela y la que se titula "Imaginación y realidad", con obras de Emilio Abades, Juan Alcalde, Manuel Alcorlo, Alonso Cantala, piedra, Francisco Arjona, Vicente Arnas, Natalio Bayo, Aurelio Calderón, Carlota Cuesta, Alvaro Delgado, Carmen Escorial, Luis García-Ochoa, Mercedes Gómez-Pablos, González Lagares, Antonio Guijarro, Joaquín Hidalgo, Carlos Ibarra, Fausto de Lima, Jorge Ludueña, Martínez Sierra, José Merello, Daniel Merino, Molina Sánchez, Narvaez